

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE VERÁN PARA A PROMOCIÓN DO TALENTO DIXITAL NA MOCIDADE

Santiago de Compostela,

Dunha parte, **don José López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, actuando en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Doutra, **don Damián Rey Rodríguez**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e polo Decreto 117/2025, do 29 de decembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 17 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de



xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da Consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; tamén lle corresponde o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional e correspóndelle, así mesmo, a dirección e a xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

**Segundo.-** A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega está adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia segundo se recolle no Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública e conta con personalidade xurídica diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión nos termos establecidos pola normativa vixente e ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.



Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes competencias e funcións: a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da Dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Terceiro.-** A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, ofrece, ano tras ano, a posibilidade de que a xuventude galega empregue o seu tempo libre estival participando en actividades de educación non formal moi diversas: de carácter cultural, ambiental, deportivo, de tempo libre, de voluntariado, entre outras, que sirvan non só para divertirse, senón tamén para o seu enriquecemento persoal e vital.

A Consellería convoca e executa, cada ano, a oferta de prazas para actividades xuvenís dentro da programación da Campaña de verán da Xunta de Galicia, que se desenvolve principalmente en albergues e campamentos xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude ao longo de toda Galicia.

**Cuarto.-** O Consello da Xunta aprobou, o 3 de decembro de 2020, a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases



construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Así mesmo, no Consello da Xunta celebrado o 2 de febreiro de 2023 presentouse o Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital de Galicia, DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, que fusiona os anteriores Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 e o Plan DigiTalent 2020 nun único instrumento estratéxico e toma o seu relevo para enfocarse no horizonte 2030 coa misión de acadar unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás. O novo plan alíñase co eixe estratéxico Sociedade Dixital e Inclusiva da Estratexia Galicia Dixital 2030 e está artellado en tres eixes estratéxicos: eliminar a fenda dixital, promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocacións e o talento dixital avanzado en Galicia.

O eixo adicado ás Vocacións Científico-Tecnolóxicas conta coa liña de actuacións “Talento precoz no ámbito dixital”, para estimular o talento precoz no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación, así como fomentar o atractivo vocacional de profesións científico tecnolóxicas entre os máis novos. O obxectivo é promover iniciativas que fomenten o aumento das vocacións STEM, acrónimo derivado das iniciais en lingua inglesa das palabras ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas. Por iso, preténdese espertar, motivar e potenciar estas vocacións, estimulando desde idades temperás a curiosidade cara a este ámbito promovendo as destrezas tecnolóxicas pero tamén outras habilidades e capacidades como a dispoñibilidade dos valores éticos e a capacidade crítica para convivir na contorna dixital.

Unha destas iniciativas é a realización dos Campamentos Digitalia: campamentos de verán cunha serie de obradoiros que teñan como obxectivo poñer en valor as capacidades e empregos dixitais para acadar un incremento das vocacións tecnolóxicas entre os mozos e as mozas galegas.



**Quinta.-** Unha política xuvenil eficaz precisa da articulación de actuacións conxuntas e coordinadas entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que teñan intereses comúns e obxectivos coincidentes, sumando esforzos para o desenvolvemento integral da mocidade galega.

**Sexto.-** Tendo en conta o anterior, a Consellería e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acódese a un suposto dos previstos no artigo 14 e seguintes da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre si, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

**Sétimo.-** A colaboración da Consellería e a Amtega instruméntase coa finalidade de promover o desenvolvemento de actividades de verán para a promoción do talento dixital na mocidade.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, con base nas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de actividades de verán para a promoción do talento dixital na mocidade.

### Segunda. Actividades para desenvolver

No ámbito da colaboración entre a Consellería e a Amtega, levarase a cabo un programa de actividades de educación non formal a través de tres (3) campamentos de verán dun máximo de oito (8) días, que se estima que terán lugar do 31 de agosto ao



7 de setembro de 2026, en réxime de internado, nas instalacións do Albergue Xuvenil de Gandarío, en Bergondo, A Coruña, dependente da Dirección Xeral de Xuventude.

Está previsto que os campamentos se desenvolvan nas seguintes temáticas, ou similares:

- Creando o meu videoxogo: 20 prazas.

Achegamento ao desenvolvemento de videoxogos e á Intelixencia Artificial usando diversas contornas de creación. Os/as participantes poderán crear un videoxogo definindo a interface gráfica, os personaxes, a mecánica do xogo e facer uso da Intelixencia Artificial para obter comportamentos que se asemellen á realidade. Posteriormente poderán ensinar aos seus compañeiros/as a súas creacións.

- A vista de paxaro. Primeiros pasos con drons: 20 prazas.

Achegamento aos fundamentos que permiten a creación, control e vo dun dron. Os/as participantes poderán coñecer os principios necesarios na tecnoloxía de drons, e mediante o emprego de ferramentas informáticas e manipulación de drons adaptados á súa idade, serán quen de comprobar os seus coñecementos e experimentar coas enormes posibilidades da tecnoloxía dos drons.

- Adestrando ao meu robot: 20 prazas.

Achegamento aos principios tecnolóxicos que son necesarios para a construción, o funcionamento e a mellora no control de robots sinxelos, mediante o emprego de ferramentas informáticas e o traballo en equipo, superando pequenas probas ou retos coa aplicación dos coñecementos aprendidos.

Nas actividades poderán participar os mozos e mozas galegos que teñan entre 12 e 14 anos, é dicir, persoas nadas nos anos 2012, 2013 e 2014. Facilitaráselles:

- Aloxamento no albergue xuvenil de Gandarío, cun máximo de sete (7) noites por campamento.



- Manutención completa.
- Programa de actividades para desenvolver, equipo técnico responsable, así como o material preciso para o seu desenvolvemento.

O desprazamento ata os aloxamentos será por conta dos participantes, tanto o día de inicio como o de remate.

### **Terceira. Compromisos**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude aportará as instalacións e o persoal do albergue xuvenil de Gandarío, incluíndo a aula de informática para vinte (20) usuarios, unha segunda aula con conectividade a Internet para outros vinte (20) usuarios, o aloxamento e manutención, así como a xestión do procedemento administrativo para a admisión e xestión das relacións cos participantes.

A Amtega asumirá a docencia tecnolóxica das actividades de deseño de Videoxogos, de Drons e de Robótica, os materiais específicos, así como os monitores de tempo libre suficientes para dar cumprimento as medidas sanitarias esixidas, e en todo caso cun (1) monitor como mínimo por cada dez (10) rapaces, unha persoa responsable sanitaria e un/unha director/a de tempo libre, durante a duración das actividades.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolvera a execución dos compromisos adquiridos neste convenio a través do sistema de contratación pública.

### **Cuarta. Financiamento**

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará os custos das accións do presente convenio que asume como propias, ata un máximo de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 10.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.



- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude financiará os custos das accións do presente convenio que asume como propias, ata un máximo de vinte mil euros (20.000,00 €), que se financian con cargo á partida orzamentaria 13.05.313A.221.05 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

### **Quinta. Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) ou addendas que, no seu caso, poidan acordarse nas que necesariamente figurarán as actuacións a desenvolver e o financiamento correspondente.

### **Sexta. Comisión de seguimento**

Para a vixilancia, seguimento e control da execución do Convenio, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas estipulacións, constituirase unha comisión paritaria que velará polo seu cumprimento e que estará composta por un representante da Amtega, nomeado polo director da Amtega e por un representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, nomeado polo conselleiro.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Sétima. Protección de datos persoais**

#### **1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no Convenio.**



As partes intervinientes manifiestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste Convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPDP) e ao artigo 11 da Lei Orgánica de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD). A lexitimación para o tratamento dos seus datos será a execución do presente Convenio.

No caso de que, no ámbito deste Convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados coa única finalidade de executar as prestacións derivadas do presente convenio, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

## **2. Deber de confidencialidade das partes intervinientes no Convenio.**

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle foran confiados para a formalización do Convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste Convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do Convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;



Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente Convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

### 3. Acordo de corresponsabilidade do tratamento

No marco de execución do presente Convenio, no que se refire ao tratamento dos datos persoais das actividades de verán para a promoción do talento dixital para a mocidade, a Consellería e a Amtega, aínda que interveñen en diferentes etapas do tratamento, determinan de xeito conxunto os seus medios e obxectivos, polo que son consideradas corresponsables do tratamento.

En cumprimento do disposto no artigo 26 do RXPDP, subscríbense a continuación os compromisos respectivos dos corresponsables no cumprimento das obrigas impostas polo RXPDP, atendendo ás funcións que efectivamente desenvolva cada un deles, así como as relacións respectivas dos corresponsables cos interesados:

3.1. O tratamento dos datos persoais por parte de cada corresponsable quedará circunscrito ao que resulte necesario para levar a cabo a execución do presente Convenio, así como para dar cumprimento ás funcións que cada unha das entidades ten atribuídas, consonte ao disposto no expoño primeiro e segundo deste Convenio. As actividades de tratamento a desenvolver consistirán:

- No caso da Consellería na recollida, estruturación, conservación, consulta, modificación, cotexo, comunicación e supresión.
- No caso da Amtega na recollida, consulta, conservación, comunicación, e supresión.

No referido á información e os datos persoais que serán tratados por cada corresponsable para a execución do Convenio, así como as categorías de interesados afectados en cada caso, deberase atender ao seguinte:

Por parte da Consellería:

- Categorias de datos



- Identificativos/contacto: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo postal e electrónico, teléfono, sinatura manuscrita e electrónica, tarxeta sanitaria e imaxe/voz.
- Categorias especiais de datos: datos de saúde, discapacidades físicas e intelectuais, e condenas ou infraccións penais.
- Características persoais: datos de familia, data de nacemento, idade, sexo e nacionalidade.
- Académicos e profesionais: formación, titulacións e experiencia profesional.
- Económicos, financeiros e de seguros: datos bancarios:
- Categorias de interesados
  - Persoas menores de idade, pais ou tutores, representante legal, solicitantes, beneficiarios, usuarios, empregados e provedores.

Por parte da Amtega:

- Categorias de datos
  - Identificativos/contacto: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo postal e electrónico, teléfono, sinatura manuscrita e electrónica e imaxe/voz.
  - Características persoais: data de nacemento, idade, sexo e nacionalidade.
- Categorias de interesados
  - Persoas menores de idade, pais ou tutores, representante legal e provedores.

3.2. En cumprimento do disposto no RXPD e na LOPDGDD, cada corresponsable garantirá o cumprimento das obrigas que puideran corresponderlle e de xeito particular, as seguintes:

3.2.1. Realizar as actividades do tratamento que lle competan consonte ao disposto neste Convenio e de conformidade coa lexislación aplicable.

3.2.2. Continuar co rexistro das actividades de tratamento, que inclúa o contido previsto no artigo 30 do RXPD.



3.2.3. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo nos supostos legalmente admisibles. Os corresponsables poden comunicar datos a encargados do tratamento, sempre que fose preciso para a execución e cumprimento dos compromisos establecidos no presente Convenio.

Neste caso, as entidades subcontratistas, terán a condición de encargado do tratamento, e compételle ao corresponsable regular a relación de conformidade co disposto no artigo 28 do RXPD e o artigo 33 da LOPDGDD, de forma que o encargado quede suxeito ás condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) de responsabilidade, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.

3.2.4. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivesen acceso en virtude do presente Convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

3.2.5. Velar por que as persoas autorizadas para tratar datos persoais con formación en materia de protección de datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente, agás no caso de que as persoas usuarias ostenten a condición de empregados públicos.

3.2.6. Ambas as partes subministrarán aos interesados a información de forma clara e sinxela, referida ao tratamento de datos que cada corresponsable levará a cabo, consonte ao indicado nos artigos 13 e 14 do RXPD, en función das actividades de tratamentos dos datos realizadas por cada un.

3.2.7. Atenderán as peticións do exercicio de dereitos persoais que reciban no desenvolvemento das actividades de tratamento que se lle competen de conformidade con este Convenio. A estes efectos o punto de contacto para cada corresponsable será o contacto co Delegado do Protección de Datos que corresponda, accesible dende: <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>

En todo caso, os interesados poderán exercer os dereitos recoñecidos polo RXPD fronte cada un dos corresponsables.



3.2.8. Notificar ao outro corresponsable, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais obxecto de tratamento no marco da execución do presente Convenio, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPD.

3.2.9. Darse apoio na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

3.2.10. Implantar, nos casos que aplique, as previsións recollidas no R.D. 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantarán as medidas de seguridade necesarias para:

3.2.10.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

3.2.10.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

3.2.10.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

3.2.10.4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

## **Oitava.- Publicidade**

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a



normativa básica en materia de transparencia, publicarase o texto íntegro do convenio.

### **Novena.- Resolución**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denuncialo en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun aviso previo de quince días naturais.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución das previstas e cos efectos dos establecidos nos artigos 51 y 52 da Lei 40/2015, e en particular cando conorra calquera das seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia
- Incumprimento dos compromisos asumidos polas partes.
- Mutuo acordo das partes asinantes.
- Calquera outras causas de resolución previstas no convenio ou noutras leis.

### **Décima. Modificación das actividades obxecto do Convenio**

1. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico das actuacións ou os prazos recollidos no presente convenio, as partes asinantes poderán acordar a modificación do convenio sempre que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.
2. De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As ditas modificacións



terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

### **Décimo primeira. Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades por conta da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude obxecto deste convenio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Asemade, a subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades por conta da Amtega obxecto deste convenio e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

### **Décimo segunda. Réxime xurídico e resolución de conflitos**

O presente convenio, que ten natureza administrativa, rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

### **Décimo terceira. Normativa aplicable**

O presente convenio de colaboración rexerese especialmente por:

- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



- O Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos seus artigos 15 e 17.

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar indicado no encabezamento

O director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

Damián Rey Rodríguez

O conselleiro de Cultura, Lingua e  
Xuventude

José López Campos

